

Datos Do Expediente:

ACTIVIDADES EDUCATIVAS PARQUES TEMATICOS E AREAS MEDIOAMBIENTAIS (S-SOC-06)		
Unidade Tramitadora:		
Ensino e Bibliotecas – MCCF		
Número expediente:	Documento:	
 ENS/34/2022	 ENS16I0QR	
5T4X044I666U0C2A10K7		
		

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CENTRO COLEXIO RURAL AGRUPADO (CRA DE NARÓN) EN MATERIA DE PROMOCIÓN EDUCATIVA

CAPITULO 1: Identificación das persoas subscritoras do acordo e capacidade xurídica

Dunha parte: Dona **Marián Ferreiro Díaz**, que actúa en nome e representación do Concello de Narón, con CIF. P-1505500-G, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.

Doutra parte: Dona **Susana García Martínez**, con DNI: 02870227B, que actúa en representación do centro **CRA DE NARÓN**, con domicilio social en Rúa San Xiao de Narón s/n, 15570, Narón, A Coruña, con CIF Q- 6555640-I, en virtude da súa condición de Directora do centro **CRA DE NARÓN**.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Acordo

O Concello de Narón, a través do Servizo Sociocomunitario Municipal leva varios anos promocionando actividades educativas a través do programa de recursos educativos de apoio á escola, e con carácter fundamental, nos parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón, e na programación anual do propio centro.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover a educación a través dos centros educativos asentados no municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste programa, o impacto positivo na poboación desta actuación, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cos centros educativos para o desenvolvemento das actividades enmarcadas no programa, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Ao traballarse con actores pechados e directamente relacionado co alumnado do centro, non resulta idóneo realizar unha convocatoria pública, xa que esta iría dirixida aos centros educativos.

O **CRA DE NARÓN** é un centro educativo público que leva máis de 20 anos implantado no municipio de Narón e que colabora habitualmente co Concello de Narón no desenvolvemento de actividades de interese comunitario para o alumnado.

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular o marco de cooperación entre o Concello de Narón e o **CRA DE NARÓN** para o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación. Están excluídas as actividades de carácter lúdico.

1) Por un lado, financiarase os gastos de transporte e telefonía relacionados coa súa Programación Xeral Anual, programación considerada de interese social e educativo de carácter singular dado o colectivo ao que vai dirixido, ata un máximo de **2.500,00€**.

Consideraranse gastos subvencionables os de transporte e telefonía relacionados coa Programación Xeral Anual.

2) Por outro lado, financiarase ata un máximo de **2.300,00€** as actividades desenvolvidas en:

2.1) Nos parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón que contén coa infraestrutura necesaria para albergar este tipo de actividades.

2.2) No propio centro educativo ou noutras instalacións de interese, no caso de actividades culturais, educativas, etc. Este tipo de actividades non poderán superar o 30% do importe límite de 2.300,00€.

Consideraranse gastos subvencionables os relacionados coa contratación necesaria para o desenvolvemento das actividades educativas, incluídos os gastos de transporte, entradas aos actos culturais, e seguros necesarios, de ser o caso, para a cobertura da realización da actividade.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste acordo, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.

Estas actividades desenvolveranse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

CAPÍTULO 4. Descrición do acordo:

O presente acordo permitirá desenvolver os contidos que se resume de seguido:

- Os/as beneficiarios/as deste convenio serán o alumnado do centro **CRA DE NARÓN**, no municipio de Narón.
- O centro educativo desenvolverá actividades relacionadas coa súa Programación Xeral Anual, para as que se lles financiará o transporte e a telefonía ata un máximo de 2.500,00€.
- O centro educativo desenvolverá outras actividades para as que se lles financiará un máximo de 2.300,00€ desagregado da seguinte maneira:

a) Nos parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón que contén coa infraestrutura necesaria para albergar este tipo de actividades.

b) No propio centro educativo ou noutras instalacións de interese, no caso de actividades culturais. Este tipo de actividades non poderán superar o 30% do importe límite de 2.300,00€.

- A solicitude das actividades se realizará directamente á empresa/entidade que as desenvolvan, seguindo os procedementos que teñan establecidos en cada caso.
- Estas actividades desenvolveranse como complementarias do curso escolar durante o período de vixencia do acordo e con data límite de 31 de decembro, en días lectivos ou non lectivos, e nos días e horarios nos que as instalacións das empresas/entidades estean operativas.
- As actividades educativas obxecto deste acordo terán adscrito un/ha docente do centro **CRA DE NARÓN** que actuará como coordinador/a diante do Servizo Sociocomunitario Municipal, a efectos de optimizar os resultados da cooperación prevista neste acordo.

Durante o período de vixencia do acordo, o Concello de Narón achegará:

A achega económica reflectida no capítulo 6.

- Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo do Servizo Sociocomunitario en todo o relacionado co contido do acordo a desenvolver.

Durante o período de vixencia do acordo, a entidade achegará:

- Persoal docente responsable do grupo aula

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas do centro **CRA DE NARÓN** :

1º.- Acreditar antes da aprobación do acordo de colaboración a seguinte documentación:

- Solicitude de acordo de colaboración que contén as seguintes declaracións responsables:
 - Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
 - Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da

Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.
- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
- Que o persoal voluntario e/ou contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa "certificación negativa" do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.
- Memoria das actividades a desenvolver, incluído o presuposto estimativo de gastos e ingresos (**Anexo 1**).
- Declaración responsable do/a director/a sinalando se o centro ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución. (**Anexo A2**).
- Declaración responsable do/a director/a de non concorrencia con outras axudas municipais co mesmo obxecto (**Anexo A3**).
- Declaración responsable do/a Directo/a de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social (**Anexo 4**).
- Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste acordo.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a xustificación do acordo, **con data límite do 31 de xaneiro de 2023**:

- Solicitude de xustificación de acordo de colaboración na que se expresará a aceptación das seguintes declaracións responsables:
- Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
- Que nin a entidade nin o/a declarante están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da

Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
 - Que o centro cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.
 - Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
 - Declaración responsable do/a director/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de centros privadas. **(Anexo A2).**
 - Declaración responsable do/a director/a de non concorrencia con outras axudas municipais co mesmo obxecto **(Anexo A3).**
 - Declaración responsable do/a Directo/a de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social **(Anexo 4).**
- Anexo A8-A, Anexo A8-B, Anexo A8-C.** Cubrirase o Anexo A8-A para as actividades nos parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón, o Anexo A8-B para as actividades desenvolvidas no propio centro educativo ou noutras instalacións de interese, e o Anexo A8-C para os gastos de transporte e telefonía relacionados coa súa Programación Xeral Anual.
- Certificación expedida polo/a secretario/a do centro de execución das actividades obxecto da subvención **(Anexo A9).**
 - Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago **(Anexo A10-A, A10-B, A10-C).**

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

- Publicitar en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:
 1. No local da centro deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda "Centro cofinanciado polo Concello de Narón no ano 2022", segundo o modelo do **Anexo A11.**
 2. No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a centro deberá de utilizar o mesmo modelo do **Anexo A11.**
 3. A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da centro, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.

Atendendo ao art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración responsable correspondente ao anexo A4, non será necesario presentala na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foi achegada no seu momento para a firma do

convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

4º.- Outras obrigas

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CAPÍTULO 6. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Narón realizará unha achega económica de **4.800,00€**, con carácter de anticipo prepagable a xustificar, e con cargo á aplicación orzamentaria **3260 480 00**. Aboarase nun único pago, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía este acordo e despois da súa firma.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.



IMPORTE DO PROXECTO PRESENTADO:	5.000,00€
IMPORTE CONCEDIDO:	4.800,00€
IMPORTE MÍNIMO A XUSTIFICAR:	5.000,00€
IMPORTE MÍNIMO A IMPUTAR:	4.800,00€



Aos efectos do disposto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón, e no artigo 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para a xustificación deste acordo presentárase unha conta xustificativa simplificada.

O artigo 88.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que con carácter xeral se realizarán pagos anticipados nos supostos de subvenciones destinadas a financiar os proxectos e programas que se concedan a entidades que non dispoñan de recursos suficientes para financiar transitoriamente a execución da actividade subvencionada. Neste caso, non se podería levar a cabo a programación de non facerse este pago anticipado.

O artigo 42.2.a) do Real Decreto 887/2006 dispón que quedan exonerados da constitución da garantía as Administracións Públicas, os seus organismos vinculados e dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogas entidades das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

O artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes. O artigo 24

da mesma norma permite a substitución das certificacións anteriores por unha declaración responsable, no caso de que a subvención sexan outorgadas ás Administracións Públicas así como aos organismos, entidades públicas e fundacións do sector público dependentes de aquelas. Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio con outra Administración Pública.

CAPÍTULO 7.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei. Segundo o artigo 37.1.c) da dita norma legal, no caso de xustificación insuficiente procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Os centros poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o art. 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións

Deste xeito, cando un centro decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da subvención que lle foi concedida polo Concello (por manifestar renuncia á subvención, presentar conta xustificada por importe inferior á subvención, etc..), poderá realizar o ingreso, mediante transferencia bancaria á conta ES15 2080 0235 9131 1000 0017, indicando no concepto da transferencia **"Reintegro acordo ano 2022"**.

CAPÍTULO 8 : Réxime sancionador.

O artigo 13 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón remítese á Lei 9/2007 e a Lei 38/2003 para as infraccións e sancións. De conformidade co artigo 58.b) da Lei xeral de subvencións constitúe infracción moi grave a non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención se concedeu. No artigo 61 da Lei de subvencións de Galicia régulanse as sancións por infraccións moi graves.

O artigo 66.3 da Lei xeral de subvencións establece que a competencia para impoñer sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local. A dita competencia correspóndelle á alcaldesa en virtude da competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



CONCELLO DE NARÓN

Ao abeiro do artigo 67 da Lei xeral de subvencións, a imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO 9 : Vixencia, revisión e resolución.

- **Vixencia.** O presente acordo supón a anulación de calquera acordo de data anterior e terá vixencia dende **01/01/2022 ata o 31/12/2022** referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.
- **Revisión, causas e contidos.** O acordo poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.
- **Resolución.** Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do acordo, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

CAPÍTULO 10: Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do acordo, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- A Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas.
- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal
- A Directora do centro **CRA DE NARÓN** (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPÍTULO 11. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste acordo será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste acordo será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de o Servizo Sociocomunitario, outra área ou outra concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 12: Natureza xurídica

O presente acordo ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

CONCELLO DE NARÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento vixente.

A subscrición do presente acordo non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do acordo.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente acordo, os Xulgados da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste acordo será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón; e nas Bases de execución do orzamento do vixente.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Narón, o día 28 de decembro de 2022.



A Alcaldesa

Marian Ferreiro Díaz

A directora de CRA DE NARÓN,



Susana García Martínez.



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A1

Memoria de actividades. Solicitud

Breve descripción das actividades que se pretenden realizar a través do acordo

Previsión de ingresos

Previsión de gastos

Observacións ou comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO 2

D/Dña con DNI:
..... en calidade de Directo/a da entidade
..... con CIF:
..... e enderezo

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

☐ Que a entidade NON SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención.

☐ Que a entidade SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

DATA DE SOLICITUDE	CONCEPTO	ORGANISMO	IMPORTE	ESTADO (1)

☐ Que para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade achega os seguintes fondos propios.

CONCEPTO	IMPORTE
Fondos propios	

....., a de 2.

Asdo.:

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A3

D/Dña con DNI:
..... en calidade de Director/a do centro
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

☐ Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

☐ Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

Relación de axudas.

AREA	IMPORTE	ESTADO (1)

....., a de de 2.

Asdo.:

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO 4

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Director/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ 2._____

Asdo.: _____



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A8-A

Memoria de actividades. Xustificación

1. Identificación do centro (CEIP/CPI/CRA/IES/CPR e nome do centro):

2. Datos das accións en parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón

Nº acción	Nome acción	Total participantes	Total homes	Total mulleres	Nivel educativo	Data	Coste
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							

[illegible]

Totais

[illegible]

[illegible]

[illegible]

4. Comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A8-B

Memoria de actividades. Xustificación

1. Identificación do centro (CEIP/CPI/CRA/IES/CPR e nome do centro):

2. Datos das accións no propio centro ou noutras instalacións de interese

Nº acción	Nome acción	Total participantes	Total homes	Total mulleres	Nivel educativo	Data	Coste
1							
2							
3							
4							
5							
6							

[illegible]

Totais



	Nº de acción
	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18
Actividades	↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓ ↓
Programación adecuada	
Adaptada ao alumnado	
Obxectivos cumpridos	
Satisfacción do alumnado	
Satisfacción do profesorado	
Metodoloxía empregada	
Valoración xeral	

[illegible]



Valoración xeral da información recibida

[illegible]

4.Comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A8-C

Memoria de actividades. Xustificación

Deberase cubrir unha memoria para os gastos de transporte e telefonía relacionados coa súa Programación Xeral Anual

1. Datos da actividade

Denominación

Descrición

2. Fundamentación

2.1. Fundamentación legal da actividade

--

--

2.2. Fundamentación institucional da actividade
--

--

2.3. Fundamentación técnica da actividade
--

--

3. Obxectivos

3.1. Obxectivo xeral

--

3.2. Obxectivos específicos



CONCELLO DE NARÓN

4. Indicadores de avaliación (indicar a lo menos un por cada obxectivo específico)

5. Calendario de realización

Número de horas da actividade:

Data de inicio:

Data de fin:

Días da semana: luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo

Horarios:

6. Lugar de execución

Nome do local:

Dirección:

7. Destinatarios/as (marcar os que corresponda)

Colectivo	Idades
-----------	--------

☐ Estudiantado	☐ Menores de 16
☐ Desempregados/as	☐ Entre 16 e 30
☐ Traballadores/as	☐ Entre 31 e 64
☐ Mulleres	☐ De 65 en diante
☐ Anciáns	
☐ Menores de 16 anos	
☐ Outros colectivos (indicar cal):	

8. Metodoloxía/organización da actividade

9. Recursos humanos		
Nome, apelidos e DNI da persoa ou persoas que desenvolve a actividade	Custe inicial	Custe final
Total custe dos recursos humanos		

10. Recursos materiais	Custe	Custe
------------------------	-------	-------



CONCELLO DE NARÓN

	inicial	final
Nome instalación:		
Materiais:		
Equipamentos:		
Subcontratación da actividade (nome da empresa):		
Total custe recursos materiais		

11. Resumo de custes	Custe inicial	Custe final
Total recursos humanos		
Total recursos materiais		
Total recursos humanos + materiais		

12. Ingresos	Cantidade
Ingresos por taxas, cotas, etc., por participar nesta actividade	
Ingresos por subvencións/convenios (desagregar por organismo e cantidade)	
Ingresos propios da entidade	
Outros ingresos	
Total ingresos	

13. Resultados	Total	Procedentes do municipio de Narón	Derivadas do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón (se é o caso)
Nº total de prazas ofertadas			
Nº total de solicitudes (se é o caso)			
Nº total de participantes			
Nº total de persoas beneficiarias			
Nº total de homes beneficiarios			



CONCELLO DE NARÓN

Nº total de mulleres beneficiarias			
------------------------------------	--	--	--

14. Proba documental da publicidade efectuada sobre o cofinanciamento da actividade

☐ Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)

☐ Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)

☐ Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)

☐ Outra publicidade efectuada (indicar cal)

15. Observacións ou comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A9

D/Dña _____ con DNI: _____, en calidade de **Secretario/a** do centro
con CIF: _____ e enderezo _____

CERTIFICA:

Que as actividades incluídas na axuda / subvención / acordo foron executadas no período establecido.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente en _____, a _____ de _____ de 20____.

Asdo.:



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A10-A

Relación clasificada dos gastos das actividades en parques temáticos e nas áreas medioambientais de Narón, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:	
Ano:	
Actividade conveniada:	

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe e total fra.	Importe da factura destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ¹
1				€	€	€			
2				€	€	€			
3				€	€	€			
4				€	€	€			

¹ T=Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque



CONCELLO DE NARÓN

5				€	€	€	€	€	€	
6				€	€	€	€	€	€	
7				€	€	€	€	€	€	
8				€	€	€	€	€	€	
9				€	€	€	€	€	€	
10				€	€	€	€	€	€	
11				€	€	€	€	€	€	
12				€	€	€	€	€	€	
13				€	€	€	€	€	€	
14				€	€	€	€	€	€	
15				€	€	€	€	€	€	
16				€	€	€	€	€	€	
17				€	€	€	€	€	€	
18				€	€	€	€	€	€	
19				€	€	€	€	€	€	
20				€	€	€	€	€	€	
21				€	€	€	€	€	€	

[illegible]



CONCELLO DE NARÓN

39				€	€	€	€	€	€	
40				€	€	€	€	€	€	
41				€	€	€	€	€	€	
42				€	€	€	€	€	€	
43				€	€	€	€	€	€	
44				€	€	€	€	€	€	
45				€	€	€	€	€	€	
46				€	€	€	€	€	€	
47				€	€	€	€	€	€	
48				€	€	€	€	€	€	
49				€	€	€	€	€	€	
50				€	€	€	€	€	€	
Total				€	€	€	€	€	€	



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A10-B

Relación clasificada dos gastos das actividades no propio centro ou noutras instalacións de interese, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:	
Ano:	
Actividade conveniada:	

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total e fra.	Importe da factura destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ²
1				€	€	€			
2				€	€	€			
3				€	€	€			

² T=Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque



CONCELLO DE NARÓN

4				€	€	€	€	€	€	
5				€	€	€	€	€	€	
6				€	€	€	€	€	€	
7				€	€	€	€	€	€	
8				€	€	€	€	€	€	
9				€	€	€	€	€	€	
10				€	€	€	€	€	€	
11				€	€	€	€	€	€	
12				€	€	€	€	€	€	
13				€	€	€	€	€	€	
14				€	€	€	€	€	€	
15				€	€	€	€	€	€	
16				€	€	€	€	€	€	
17				€	€	€	€	€	€	
18				€	€	€	€	€	€	
19				€	€	€	€	€	€	
20				€	€	€	€	€	€	

[illegible]



CONCELLO DE NARÓN

38				€	€	€	
39				€	€	€	
40				€	€	€	
41				€	€	€	
42				€	€	€	
43				€	€	€	
44				€	€	€	
45				€	€	€	
46				€	€	€	
47				€	€	€	
48				€	€	€	
49				€	€	€	
50				€	€	€	
Total				€	€	€	



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A10-C

Relación clasificada dos gastos de transporte e telefonía relacionados coa súa Programación Xeral Anual, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:	
Ano:	
Actividade conveniada:	

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total e total fra.	Importe da factura destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ³
1				€	€	€			
2				€	€	€			
3				€	€	€			

³ T=Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque

[illegible]

[illegible]



CONCELLO DE NARÓN

38				€	€	€						
39				€	€	€						
40				€	€	€						
41				€	€	€						
42				€	€	€						
43				€	€	€						
44				€	€	€						
45				€	€	€						
46				€	€	€						
47				€	€	€						
48				€	€	€						
49				€	€	€						
50				€	€	€						
Total				€	€	€						

ANEXO A11



ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 2 _____

